



Concello de Gondomar

NORMAS DE XESTIÓN DE PERMISOS PARA AS CACHARELAS /SARDIÑADAS PRIVADAS DE SAN XOÁN E/OU SAN PEDRO 2025

O Concello de Gondomar a través da súa Concellaría de Medio Ambiente e Transición Ecolóxica establece as normas de seguridade para solicitar e celebrar as "Cacharelas/Sardiñadas" PRIVADAS da Noite de San Xoán e/ou San Pedro 2025.

Estas mesmas normas fanse extensivas á celebración de Cacharelas/sardiñadas, sexa a noite do 23 ou calquera outro día.

Para a celebración das Cacharelas/Sardiñadas en terreos de propiedade privada deberán presentar comunicación previa da actividade, segundo o modelo oficial que figura na páxina web www.concellodegondomar.gal, así coma no rexistro do Concello de Gondomar.

Cacharelas en terreos de propiedade privada promovidas EXCLUSIVAMENTE POR PARTICULARES.

- Os particulares que desexen realizar unha cacharela e/ou sardiñada en terreos de propiedade privada deberán presentar a solicitude comunicación previa, segundo o modelo oficial, publicado na web do Concello, <https://concellodegondomar.gal/concello/concellarias/instancias/>, ou ben de maneira presencial no rexistro do Concello de Gondomar ata as 00:00 horas do día 20 de xuño de 2025 para as de San Xoán e ata as 00:00 horas do día 25 de xuño de 2025 para as de San Pedro, sinalando o nome, enderezo, teléfono e fotocopia do D.N.I. da persoa responsable.
- As persoas asinantes da comunicación previa teñen que ser maiores de idade.
- A comunicación previa debe ir acompañada dunha memoria descritiva, cos seguintes contidos mínimos: material a queimar, distancia ás vivendas e á masa forestal máis próxima e plano de situación do espazo público no que se vai a situar a cacharela/sardiñada.
- Así mesmo, a solicitude deberá acompañarse dunha fotocopia do seguro combinado do fogar e último recibo de pago.
- Ao carón da cacharela, haberá auga con caudal e presión abondo para a extinción e apagado total da mesma (mangueira con auga de traída, cisterna ou pozo).
- Con este trámite é suficiente para poder levar a cabo a actividade, sen prexuízo da responsabilidade por danos ou perdas a que houbera lugar no

Concello de Gondomar



Concello de Gondomar

caso de que concorrera negligencia ou imprudencia.

- O interesado que organice o evento deberán coidar os arredores e coñecer o número de teléfono do Servizo de Extinción de Incendios Forestais (085) e o de Emerxencias (112).
- Se a propiedade está en **zona urbana**: O volume do combustible da cacharela non excederá os 2 metros de diámetro e 6 metros de perímetro, e non excederá en ningún caso de un metro de altura.
- En **zona rural**: O volume do combustible da cacharela non excederá os 3 metros de diámetro ou 9 de perímetro, e non excederá en ningún caso de tres metros de altura.
- A cacharela estará a unha distancia mínima de 30 metros da vivenda máis próxima e a 80 metros das masas arbóreas ou zonas vexetais susceptibles de ser queimadas.
- Porase especial coidado en situar a cacharela afastada de vehículos, instalacións e locais nos que se almacenen produtos inflamables; asemade non se situarán baixo tendidos eléctricos ou telefónicos.
- Prohíbese a queima de pneumáticos, plásticos, espumas de poliuretano, aceites, elementos explosivos e en xeral de calquera substancia que ao arder desprenda fume tóxico.
- En ningún caso se botarán ao lume recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión (sprays), aínda que estean baleiros.
- A cacharela permanecerá vixiada polos solicitantes ata a súa total extinción que deberá ser asegurada empapando os restos totalmente con auga, asegurándose de que as cinzas queden totalmente apagadas.
- No caso de que se levante vento que poida dificultar a vixilancia e extinción da cacharela esta deberá suspenderse ou apagarse de inmediato.
- A hora límite para rematar a celebración é as 03:30 horas da madrugada, de acordo co disposto no artigo 5.f da Lei 10/2017 de 27 de decembro de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
- Non se ocupará ningún terreo ou espazo público.
- O desenvolvemento de celebración das cacharelas e sardiñadas cumprirá

Concello de Gondomar



Concello de Gondomar

estas normas e as Ordenanzas municipais.

O cumprimento destas normas será verificado polo persoal do Servizo de Extinción de Incendios que, se é o caso, dará conta á Policía Municipal das infraccións.